

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Bases reguladoras das subvencións para programas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero dirixidas a entidades

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA PROGRAMAS DE IGUALDADE E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DIRIXIDAS A ENTIDADES

Marco normativo

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

A Lei Galega 7/2004 de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, determina no capítulo 11 a necesaria colaboración coas corporacións locais, tanto para a execución do Plan e medidas autonómicas en materia de igualdade de xénero como para a elaboración e execución de Plan.

O Decreto 130/2016, do 15 de setembro de 2016, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, establece no seu capítulo 1, artigo 5.1. alínea k) a competencia e funcións do Centro de información á muller (CIM) no fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos.

A Ordenanza municipal n.º 26, reguladora da concesión de subvencións municipais

Artigo 1.-Obxecto.

As presentes bases teñen como finalidade establecer as normas para a solicitude, concesión, xustificación e pagamento das subvencións en réxime de concorrencia competitiva, que convoca o Centro de Información á Muller (CIM) pertencente á Concellaría de Servizos Sociais. Están destinadas a entidades locais sen ánimo de lucro, para a realización ou mantemento de actividades e programas que desenvolvan en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero, sempre e cando supoñan melloras ou complementen a intervención propia do concello, consonte ó disposto no art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, no RDL 2/2004, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997 de administración local de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Programas que se subvencionan:

A.-Programa Igualdade

Serán obxecto de subvención as seguintes accións:

A.1. Formación sobre a Igualdade de Oportunidades e a perspectiva de xénero a profesionais ou grupos sociais.

A.2. Actividades que fomenten a corresponsabilidade familiar e o cambio de conductas en materia de conciliación, responsabilidade doméstica e de coidado.

A.3. Accións relacionadas coa saúde das mulleres e o seu benestar: obradoiros, charlas, cursos ou conferencias sobre hábitos de vida saudable, detección precoz de enfermidades, trastornos da alimentación, relacións afectivo-sexuais, autoestima e imaxe corporal, etc, sempre cun claro enfoque e perspectiva de xénero.

A.4. Formación en linguaxe non sexista.

A.5. Campañas a prol do xoguete non sexista, actividades de sensibilización entre as nais e os pais sobre os efectos dos xoguetes sexistas nos nenos e nas nenas.

- A.6. Accións de apoio ao aleitamento materno.
- A.7. Realización de obradoiros para nais e pais en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia.
- A.8. Investigacións sobre o papel das mulleres arteixanas na política, ensino ou calquera outro ámbito de traballo.
- A.9. Actividades de información e sensibilización acerca dos roles e estereotipos de xénero, e a súa repercusión na vida de mulleres e homes no espazo público e privado.
- A.10. Conferencias ou talleres sobre educación en igualdade, dereitos, servizos e recursos para as mulleres, visibilización do papel das mulleres na historia, na arte, literatura, política, ciencia, deporte, etc.
- A.11. Actividades que promovan a participación dos homes de todas as idades na consecución da igualdade real.
- A.12. Calquera outra acción dirixida á consecución dos obxectivos contemplados no Plan de Igualdade Municipal.

B.-Programa de loita contra a Violencia de xénero

Serán obxecto de subvención as seguintes accións:

- B.1. Información, sensibilización e prevención da violencia contra as mulleres: actos de sensibilización no ámbito comunitario en contra da violencia de xénero, accións, actos ou actividades que conmemoren o “Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero”, etc.
- B.2. Talleres de formación en violencia de xénero dirixidos a poboación adulta ou infantil.
- B.3. Realización de obradoiros para nais e pais sobre prevención da violencia de xénero, comunicación ou resolución de conflitos.
- B.4. Calquera outra acción dirixida á consecución dos obxectivos contemplados no Plan de Igualdade Municipal en vigor relacionada coa violencia de xénero.

Todas as accións ou actividades poderán dirixirse a poboación infantil, xuvenil ou adulta e a participación poderá ser mixta. Deberán contar cun mínimo de 10 persoas participantes e estar dirixidas por monitorado especializado.

Quedan excluídas da presente convocatoria e, non serán obxecto de subvención as seguintes actividades:

- a) As actividades para as que se solicitou subvención noutras áreas ou departamentos do concello, ou aquelas que teñan unha vía máis específica de subvención noutras áreas ou departamentos do concello.
- b) As actividades ou talleres tales como manualidades, pintura, téxtiles, etc. idénticos ou de carácter semellante aos desenvolvidos por outras concellarías municipais.
- c) Talleres dirixidos a mulleres ou homes que formen en traballos tradicionalmente asignados a ese sexo.
- d) As viaxes culturais, excursións ou festas gastronómicas.
- e) As actividades de carácter confesional nin festas de carácter xeral.
- f) Aquelas que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral ou que a materia non se axusta aos obxectivos e programas desta convocatoria.
- g) Os proxectos destinados en exclusiva ás persoas socias da entidade solicitante.

Artigo 2.-Partida e crédito orzamentario.

A contía total máxima que se destina a esta finalidade é o contemplado na partida 231.48900 según consignación presupostaria anual existente.

As contías non utilizadas do total consignado anualmente no orzamento municipal integranse novamente á partida podendo ser utilizado o remanente.

Non obstante, o Concello poderá habilitar maior crédito dentro das súas dispoñibilidades presupostarias ou modificar as contías máximas previstas para as subvencións da mesma Concellaría no orzamento municipal anual. En todo caso, o límite será sempre o esgotamento da partida presupostaria.

Artigo 3.-Entidades beneficiarias e requisitos.

Poden ser beneficiarias:

- 1.º) Entidades legalmente constituídas que desenvolvan actividades de interese para o concello dentro do seu termo municipal ou en beneficio del.
- 2.º) Persoas físicas que realicen actividades de interese municipal e que cumpran os requisitos sinalados neste artigo 3 a excepción do apartado a).
- 3.º) Centros educativos ou consellos escolares dos Centros educativos do municipio.

As entidades beneficiarias deberán cumprir ademais dos requisitos especificados no artigo 6 da Ordenanza Xeral reguladora das subvencións municipais, os seguintes requisitos en particular:

- a) Estar inscritas no Rexistro Municipal de asociacións no momento da solicitude.
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do concello de Arteixo ou sobre temas de interese para o concello.
- d) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Arteixo para o mesmo obxecto para o que se solicita a nova subvención. Deberá comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- f) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- g) Dar axeitada publicidade do carácter público da financiación das actividades.

Artigo 4.-Información ás persoas interesadas.

O Centro de Información ás Mulleres do concello, CIM (Avenida do Balneario n.º 10-baixo, Arteixo.Tel.: 981 601415) ofrecerá información ás persoas interesadas presencialmente, por teléfono ou no enderezo electrónico: muller@arteixo.org.

Artigo 5.-Procedemento e condicións da concesión.

O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva a través das correspondentes bases no que se compararán as distintas solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre as mesmas á hora de outorgar a subvención.

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a facer constar a colaboración do Concello de Arteixo en toda a información (impresa, informática e audiovisual) que se faga das actividades e tamén na súa páxina web.

O importe máximo que se pode solicitar é o do 80 por cento do presuposto estimado de gastos. Tendo en conta o carácter de concorrencia competitiva desta convocatoria, no caso de que o importe das axudas correspondentes ás solicitudes recibidas supere a dotación orzamentaria disposta reducirase a contía subvencionable de maneira proporcional entre as entidades beneficiarias de tal xeito que non se supere a partida orzamentaria.

A efectos desta subvención municipal defínese o coeficiente de financiamento como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do presuposto estimativo de gastos, o cal será un dos criterios de valoración.

Artigo 6.-Solicitudes e documentación.

Con carácter xeral, as entidades poderán solicitar subvención para os dous programas convocados (igualdade e violencia) nunha única solicitude, establecendo a prioridade entre ambos. Excepcionalmente, e so na circunstancia de que o orzamento que a Concellaría destina a esta finalidade supere o importe das solicitudes presentadas, poderase outorgar subvención para actividades dos dous programas anteditos.

As entidades que soliciten subvención para os dous programas deberán separar claramente a memoria de actividades e a xustificativa para cada programa. Do mesmo xeito, deberán separar e sinalar claramente as facturas e documentos que corresponden a cada programa.

As solicitudes formularanse nos modelos normalizados previamente establecidos con ocasión da aprobación da convocatoria anual de subvencións, que se facilitarán no Rexistro Xeral, no Centro de Información á Muller (CIM) e na páxina web do Concello de Arteixo, aportando os datos e a documentación sinalada a continuación:

Anexo I

1. Certificación orixinal do acordo de solicitude e do nomeamento de representante para as súas relacións co Concello, xunto coa fotocopia do seu DNI.
2. Declaración da persoa representante de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade do artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e de aceptación das bases da convocatoria.
3. Certificación do número de persoas socias activas. No caso de centros escolares, certificación do número de alumnos/as matriculados.
4. Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo e a concellería correspondente en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades ou investimentos.

5. No caso de existir cambios respecto ó ano anterior que afecten á xunta directiva ou consello escolar, domicilio social, conta bancaria ou aos estatutos, tamén deberán actualizarse coa solicitude.

6. Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do presuposto de gastos.

7. Autorización da persoa interesada para recabar os datos para a concesión de axudas e subvencións.

Anexo II

8. Declaración asinada pola persoa representante, doutras subvencións solicitadas para a mesma actividade ou programa e de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade recollida na Lei Xeral de Subvencións de Galicia.

Anexo III

Memoria descritiva detallada das actividades ou talleres que se han realizar empregando unha linguaxe inclusiva e non sexista

9. Denominación da actividade.

10. Lugar, data, calendario e horario de realización. Número de horas de duración, no caso de talleres ou actividades.

11. Descrición do contido da acción, actividade ou taller para o que se pide subvención.

12. Número estimado de persoas destinatarias.

13. Obxectivos que se perseguen.

14. Orzamento de ingresos e de cada un dos gastos que se van realizar na actividade.

As entidades de nova creación deberán presentar, ademais:

- Fotocopia da acta de constitución cos cargos da actual xunta directiva. No caso de persoas físicas substituirase por un prego coas sinaturas, nome completo e DNI de cada unha delas.
- Fotocopia do CIF da entidade. No caso de que a persoa solicitante presente o CIF dunha entidade de ámbito superior, deberá acreditar que conta con autorización da entidade titular do CIF para a súa utilización.
- Certificación da conta bancaria segundo modelo oficial (DCB)
- Certificación da inscrición no Rexistro de Asociacións de Galicia
- Estatutos da entidade rexistrados polo organismo competente.

As persoas físicas deberán presentar, ademais:

- Certificado de empadramento no Concello de Arteixo.

A documentación que se entregue fotocopiada deberá estar compulsada.

Artigo 7.–Lugar e prazo de presentación.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello e na forma establecida no art. 38.4. da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria correspondente no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 8.–Tramitación.

O CIM revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos requirirá a entidade para que a emende no prazo de dez días hábiles improrrogables, coa indicación de que se non o fai nese prazo, a solicitude considerárase desistida sen máis trámite.

8.1. Criterios de valoración.

A concesión das subvencións corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía-Presidencia ou Xunta de Goberno local por delegación.

A concesión e, no seu caso, a contía das subvencións graduarase proporcionalmente consonte aos seguintes criterios ata esgotar o orzamento previsto:

Concepto	Puntuación máxima	Observacións
Interese municipal das actividades no avance cara a igualdade real (actividades que supoñan melloras ou complementen a intervención propia do concello nesta área, actividades que respondan a necesidades da zona, apertura de canles de intervención a favor do colectivo, etc.)	15	Se o interese do proxecto resultara ser 0, non se valorarán o resto de variables
Adecuación do proxecto ao obxecto da convocatoria	10	
Calidade do proxecto (válórase a rigorosidade, equipo de traballo presentado, viabilidade do proxecto e clareza na exposición)	10	

Concepto	Puntuación máxima	Observacións	
Coefficiente de financiamento solicitado pola entidade	35		
Entre 0 e 50%			35 puntos
Entre 51 e 70%			30 puntos
Entre 71 e 80%			25 puntos
Cobertura da actividade (persoas que poden participar nela)	10		
Adecuación da actividade ao Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	10		
Carácter innovador e non habitual da actividade	5		
Promoción e difusión da lingua galega	5		
Puntuación máxima posible	100		

Segundo a puntuación acadada nos diferentes programas a porcentaxe de subvención a aplicar sobre o orzamento proposto polas entidades será o seguinte, que no suposto de superar a totalidade do crédito orzamentario destinado a estas subvencións, serán obxecto de axuste proporcional á baixa, calculado respecto á porcentaxe de valoración obtida por cada unha das entidades beneficiarias.

PUNTUACIÓN OBTIDA	PORCENTAXE SUBVENCIÓN
Máis de 85 puntos	100%
81-85 puntos	90%
76-80 puntos	80%
71-75 puntos	70%
66-70 puntos	60%
60-65 puntos	50%
Inferior a 60 puntos	Non se considera que se cumpríu o obxecto da subvención: 0%

8.2. Comisión de avaliación.

O exame das solicitudes realizarase por unha Comisión de Avaliación, composta por:

Presidenta: A Concelleira/o da área ou persoa en quen delegue

Vocais: A directora do CIM, que actúa tamén como secretaria

Unha técnica do CIM, nomeada pola Concelleira/o da área

Concelleira/o de Servizos Económicos ou persoa en quen delegue

Se por calquera causa algunha das persoas que compoñen a comisión non puidera asistir ás sesións, será substituída por quen designe o órgano competente para o outorgamento da axuda.

Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos neste artigo, a comisión de valoración elevará unha proposta de concesión ao órgano competente para resolver, na que figurarán as solicitudes propostas para obter a axuda, o importe para cada unha delas, a cantidade que hai que xustificar máis o prazo de xustificación.

Artigo 9.–Notificación e publicidade da resolución.

As subvencións concedidas publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

A resolución da concesión deberase notificar expresamente a todas as entidades solicitantes no prazo máximo de 2 meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Contra a desestimación, expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderán formularse os recursos que procedan.

Artigo 10.–Modificación dos conceptos.

Despois da notificación da resolución de concesión, e logo da solicitude razoada por parte da entidade, poderá autorizarse a modificación da solicitude inicial, mediante o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou orzamento da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención.

Esta solicitude deberá presentarse no prazo dun mes natural, contado dende a notificación da concesión e será obxecto de valoración por parte da Comisión de Avaliación que terá en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade ou investimento é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as mesmas condicións da subvención concedida.

- Se o orzamento da nova actividade ou investimento é inferior ao orzamento subvencionado inicial, a Comisión de Avaliación deberá determinar o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores aos inicialmente establecidos, e o novo coeficiente de financiamento.

Artigo 11.–Reformulación de solicitudes.

De acordo co establecido no art. 27 da Lei xeral de subvencións e no 61 do seu regulamento, a reformulación das solicitudes realizarase de forma automática, de xeito que, se o importe da subvención concedida é inferior ao solicitado pola entidade, o presuposto subvencionado que deberá ser xustificado posteriormente, determinarase dividindo a contía da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

Artigo 12.–Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias están obrigadas a:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a/as actividades obxecto da subvención.
2. Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e facilitar a información.
3. Presentar contas xustificativas, destinar as axudas aos fins para os que se concederon e acreditar perante o Concello o cumprimento da finalidade proposta.
4. No caso de que a actividade que se vai desenvolver consista na celebración de cursos, charlas ou conferencias, o monitorado que pertenza á xunta da propia Asociación non poderá percibir cantidade ningunha con cargo á subvención que se outorga. Non se subvencionan custos correspondentes a tarefas de coordinación da actividade.
5. Facer constar na totalidade da publicidade e/ou actividade informativa que se realice por calquera medio (impreso ou non) que conta con subvención do Concello de Arteixo, tendo que figurar en toda impresión ou soporte audiovisual o escudo oficial que será facilitado polos departamentos correspondentes.
6. Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.
7. Acreditar, antes da resolución de concesión, que se atopa ao corrente no cumprimento coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de que asine autorización expresa, o Concello de Arteixo poderá obter as certificacións acreditativas coa Axencia Tributaria e con outras administracións coas que teña convenio para a transmisión de datos e tramitará de oficio as municipais. Este requisito poderá substituírse pola declaración xurada da persoa solicitante ou representante da entidade cando a contía da subvención non sexa superior aos 3.000,00€.
8. Colaborar cos departamentos municipais nos actos para os que sexan requiridos.
9. Utilizar unha linguaxe e/ou imaxes non sexistas nin estereotipadas en todo o material ou soporte audiovisual que se empregue na organización, difusión e execución das actividades subvencionadas.
10. Responder da falta de veracidade dos datos expostos na solicitude e xustificación.
11. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos.
12. Aboar as taxas, dereitos de autor/a e todos os demais gastos que se deriven da realización das actividades subvencionadas.
13. Proceder ao reintegro nos supostos de incumprimento.

Artigo 13.–Xustificación e pagamento.

13.1. Prazo de xustificación.

A xustificación da subvención farase no prazo máximo de 2 meses desde a celebración da actividade, e en todo caso, antes do 30 de novembro do ano da convocatoria.

Antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude da entidade interesada ou por proposta razoada da unidade xestora. No caso de que a interesada solicite unha prórroga, téñense que razoar os motivos e realizarse por escrito antes da data sinalada.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Alcaldía iníciase expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención Municipal para o seu reflexo contable. En calquera caso, o 31 de decembro de cada ano, anularanse automaticamente todas as axudas pendentes de xustificación ou sen concesión de prórroga.

Este Concello reserva para si o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando a entidade beneficiaria obrigada a facilitar tanta información sexa requirida polo servizo xestor para a Intervención Municipal.

13.2. Consideracións xerais.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos sinalados no presuposto inicial.

13.3. As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.

Para os efectos de xustificación das subvencións aplicarase o coeficiente de financiamento. A cantidade que hai que xustificar será igual ao cociente entre o importe da subvención concedida e o coeficiente de financiamento. No caso de ter outras subvencións para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado será a suma das subvencións.

Se as actividades foron financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

O gasto xustificando documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do presuposto subvencionado.

13.4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

13.5. O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desempeña a entidade beneficiaria.

13.6. Documentación xustificativa.

Para o cobro da subvención as entidades deberán presentar unha conta xustificativa simplificada. A conta xustificativa presentárase no Rexistro Xeral do Concello con destino á Concellaría de Servizos Sociais, CIM, e deberá respectar o contido mínimo que marca a Ordenanza Xeral de subvencións polo que deberá incluír:

13.6.1.–Memoria de actuacións xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, segundo o modelo normalizado. Deberán detallarse os resultados acadados, indicando:

- Número de participantes desagregado por sexos e, de ser o caso, folla de asistencia asinada polo monitorado;
- Lugar, datas e horario nos que finalmente se levaron a cabo as actividades;
- Calquera outro documento que considere relevante para esta fase de xustificación (por exemplo, carteis anunciadores, fotografías, etc.)

13.6.2.–Memoria económica dos gastos e investimentos da actividade (segundo modelo normalizado), acompañada dos orixinais ou copias cotexadas de facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio cuxo pagamento quede acreditado. Estes documentos, ademais, están suxeitos ás seguintes normas:

a) Coa finalidade de dar cumprimento ó disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias compulsadas, antes de facer a copia, o concello deberá estender no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo, con indicación da porcentaxe imputada a esta subvención.

b) As facturas conterán, como mínimo, o número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión, denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario, desagregación do IVE, con indicación do tipo aplicable e total. As facturas presentáranse coa descrición completa e desagregada do concepto/s polos que se factura e debidamente asinadas.

c) Os pagamentos acreditaranse con carácter xeral mediante xustificante bancario, podendo admitirse de xeito excepcional pagos en efectivo cando a súa contía sexa inferior a 300,00 € (sen IVE). Neste último caso deberá constar a factura ou “recibí” co selo da empresa e a sinatura de persoa física que teña a representación.

c) Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.

d) O importe que se xustifique en concepto de gastos de mantemento (aluguer, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina, etc.) non poderá superar o 10% do presuposto total a xustificar.

e) Os gastos de persoal acreditaranse, con carácter xeral, mediante facturas ou nóminas. Só se admitirá “recibín” cando reflectan a correspondente retención do IRPF e a repercusión do IVE. En calquera caso, deberán acompañarse do xustificante do ingreso bancario en efectivo ou mediante transferencia, e do ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.

f) A substitución de facturas por outro documento unicamente será válido nos supostos mencionados no artigo 4 do RD 1496/2003, Regulamento de Facturación.

g) Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas fiscais coa facenda estatal e autonómica e certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social. Estas certificacións poderanse substituír por declaración responsable da persoa beneficiaria da subvención no caso de que a subvención concedida non supere o importe de 3.000,00 €.

13.6.3.–Certificación do secretario/a da entidade, co visto e prace do/a presidente, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.

13.6.4.–Declaración asinada pola persoa representante da entidade de todas as axudas percibidas ou solicitadas para a actividade subvencionada.

13.6.5.–Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo en toda información (impresa, informática, ou audiovisual) que se teña feita das actividades ou investimentos subvencionados.

13.7. Tramitación da xustificación.

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo dos informes do CIM e do Servizo de Intervención, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase ó pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado dito prazo a solicitude será arquivada e entenderase desistida na súa petición.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o pago dela, terase en conta o seguinte:

- a) Se os pagos xustificados acadan o 100% do presuposto subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- b) Se os pagos xustifican unha cantidade inferior ó 100% e, ao menos do 50% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- c) No caso de que se xustifique gasto inferior ó 50% do presuposto subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, e non se aboará ningunha cantidade.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Artigo 14.–Gastos subvencionables polo Concello.

De xeito xeral considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos nestas bases, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos subvencionables deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser un gasto directo da acción.
- Adecuado aos obxectivos da actuación.
- Que exista constancia documental sobre a súa realización de forma verificable.
- Que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (ex.: nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social).
- Que se realice e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data establecida para a xustificación da subvención. Coa excepción dos gastos correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos da acción liquidables con posterioridade a esta data; neste caso, o período de elixibilidade excede o prazo de xustificación e abrangue ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.

Considérase que o gasto está efectivamente pagado cando se xustifique mediante extractos ou certificados bancarios debidamente identificados, selados e asinados.

A estes efectos só se poderán subvencionar os seguintes gastos:

14.1) Retribucións ao monitorado, que se acreditará mediante facturas ou nóminas, xunto co xustificante do ingreso bancario. So se admitirá o “recibín” cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE. En calquera caso, deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria. Para o pago das retribucións teranse en conta os prezos de mercado actuais. Non se subvencionan custos correspondentes a tarefas de coordinación, dirección ou supervisión da actividade.

14.2) Material funxible (non inventariable) destinado á realización da actividade subvencionada, coas facturas correspondentes.

14.3) Gastos de mantemento que sexa xerado polo desenvolvemento da actividade ou taller sempre que sexa desenvolvido no local propio da asociación de ser o caso, (aluguer, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina). Estes gastos non poderán superar o 10% do presuposto a xustificar.

14.4) Mutualidades e seguros de responsabilidade civil, cos pertinentes certificados e facturas.

14.5) Gastos de transporte (mediante factura).

14.6) Gastos de imprenta ou copia destinados a difusión da actividade (carteis, dípticos...).

O importe das subvenciones en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvenciones, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 15.-Infraccións e sancións.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases xerais, sen que a entidade ou beneficiario presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirao para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na LXS.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións.

Arteixo, 6 de setembro de 2019.

O ALCALDE- PRESIDENTE

Por Delegación Decreto 1603/2019

Asdo.: D.^a Inés Ramos Álvarez

Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

2019/7320